

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 20.09.2018

Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 20 de setembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Proposicións non de lei en comisión

- 1.1 17691 (10/PNC-001458)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa normativa referida ao uso do castelán na etiquetaxe dos produtos comerciais, así como a adopción das medidas necesarias para promover o uso da lingua galega nela e darlles efectividade ás inseridas no Plan de normalización lingüística nese ámbito
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017
- 1.2 23912 (10/PNC-001889)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias do Camiño de Santiago ao seu paso polo termo municipal de Arzúa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018
- 1.3 24681 (10/PNC-001936)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Barreira, María Julia e 7 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Enerxía e Turismo e a Turespaña da execución das obras de recuperación e restauración necesarias no tramo da muralla de Monforte de Lemos comprendido entre a torre da Homenaxe e a porta Nova, e da súa titularidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 255, do 07.02.2018
Publicación do acordo, BOPG n.º 272, do 07.03.2018
- 1.4 27989 (10/PNC-002187)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para excluír do "pool" de poxas diarias a produción de enerxía eólica,

hidráulica e nuclear, así como parte da de carbón
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018

- 1.5 30322 (10/PNC-002439)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia dun fondo específico de apoio á compra de bens de equipo dirixido a pequenas e medianas empresas, de acordo coa metodoloxía que utiliza a Unión Europea, co fin de mellorar a súa competitividade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 301, do 08.05.2018
- 1.6 31306 (10/PNC-002527)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto na industria electrointensiva galega da aplicación da Orde ETU/362/2018, do 6 de abril, pola que se modifica o sistema de poxa do servizo de interrompibilidade da subministración eléctrica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 312, do 30.05.2018
- 1.7 34228 (10/PNC-002785)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as modificacións lexislativas e normativas necesarias para que, no procedemento de avaliación para a implantación de todas as instalacións de tratamento de residuos industriais, sexa obrigatorio o trámite de avaliación ambiental integrada ordinaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Luca Chao Pérez	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 20.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei en comisión

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 20.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 17691(10/PNC-001458)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa normativa referida ao uso do castelán na etiquetaxe dos produtos comerciais, así como a adopción das medidas necesarias para promover o uso da lingua galega nela e darlles efectividade ás inseridas no Plan de normalización lingüística nese ámbito

Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:17
Nº Rexistro: 17691
Data envío: 28/09/2017 11:17:33.534

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre o uso da lingua galega na etiquetaxe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Cultura Galega organizou as xornadas ‘Etiqueta na túa lingua, camiña polo mundo con identidade’ o 26 de setembro de 2016 arredor da etiquetaxe comercial en lingua galega. Entre as ponencias, nas que estivo presente o Secretario Xeral de Igualdade, Valentín García, subliñáronse as dificultades normativas existentes na actualidade para etiquetar produtos en galego.

Neste senso, nos últimos anos o Goberno español vén aprobando normas que impoñen o castelán na etiquetaxe mais tamén da información relativa aos produtos. Por exemplo, o Real Decreto Lexislativo 1/2015, do 24 de xullo, que obriga a redactar en castelán a ficha técnica, os prospectos e a etiquetaxe dos medicamentos, sen referencia algunha a calquera outra lingua, tampouco a galega. De facto, ese decreto prevé como infracción grave non etiquetar en español con sancións de entre 30 mil e 90 mil euros.

Noutros casos, a norma obriga a etiquetar “polo menos” en castelán. É o caso do Real Decreto 126/2015, do 27 de setembro, polo que se aproba a norma xeral relativa á información alimentaria dos alimentos que se presenten sen envasar para a venda ao



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:17
Nº Rexistro: 17691

Data envío: 28/09/2017 11:17:33.534

consumidor final e as colectividades, dos envasados nos lugares de venda a petición do comprador, e dos envasados polos titulares do comercio ao por menor.

O decreto fixa como excepción aqueles produtos tradicionais elaborados e distribuídos exclusivamente no ámbito “dunha comunidade autónoma con lingua oficial propia”. De novo, o incumprimento da norma prevé unha infracción punida con até 4 mil euros.

Cómpre lembrar que o Parlamento de Galiza aprobou no ano 2013 unha Proposición non de lei na que instaba a Xunta a promocionar os produtos etiquetados e comercializados en lingua galega así como establecer medidas de apoio para promover a etiquetaxe e a distribución de produtos agroalimentares en lingua galega e adoptar as medidas necesarias para darlles efectividade ás accións contidas na área de comercio do Plan de Normalización Lingüística.

Así mesmo, o Goberno galego aprobou, no ano 2016, o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico. Neste documento inclúese como obxectivo precisamente o contido dese acordo, incluíndo campañas de promoción do galego na etiquetaxe de produtos, principalmente naqueles de maior consumo, de proximidade e de calidade.

Porén, independentemente da opinión que poida merecer a actuación que está a levar a cabo a Xunta de Galiza, é evidente que a lexislación española supón un prexuízo, unha pexa, un impedimento para o respecto e garantía dos dereitos lingüísticos do pobo galego. Así o expresaban nas devanditas xornadas profesionais da comunicación e responsábeis empresariais que salientaron os “obstáculos legais” para poder etiquetar en galego, denunciando mesmo a “desoficialización” da lingua propia de Galiza.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:17
Nº Rexistro: 17691
Data envío: 28/09/2017 11:17:33.534

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte
Proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Reclamar perante o Goberno español a derogación das normas que actualmente impoñen o castelán na etiquetaxe dos produtos.
2. Adoptar as medidas necesarias para promover a etiquetaxe en galego, tamén as incluídas aquelas recollidas no Plan Xeral de Normalización Lingüística.”

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:17
Nº Rexistro: 17691
Data envío: 28/09/2017 11:17:33.534

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2017 11:11:33

María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2017 11:11:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/09/2017 11:11:40

Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2017 11:11:44

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2017 11:11:46

Ana Pontón Mondelo na data 28/09/2017 11:11:50

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 20.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 23912(10/PNC-001889)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para
arranxar as deficiencias do Camiño de Santiago ao seu paso
polo termo municipal de Arzúa

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

A Xunta de Galicia elaborou “O Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021” que, segundo expón, suporá unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folla de ruta que marcará as directrices para favorecer a conservación e a protección do Camiño na nosa comunidade.

O dito Plan director consta de 4 obxectivos, 5 retos e 4 eixes de desenvolvemento coas súas liñas estratéxicas

No seu apartado 4. Retos e visión compartida. Establécese que a visión é “Un camiño de todos para todos, un camiño adaptado para o peregrino de 2021, e un camiño modelo demostrador internacional.

No apartado 8. Visión desexada no 2021. Deséñase unha Etapa Modelo tipo na que se reflicte como se visualiza o Camiño para acoller ao peregrino do 2021 en materia de aloxamentos, servizos ao peregrino, conservación das rutas e do patrimonio, etc.

Para acadar esta Etapa Modelo en todo o Camiño, vanse a abordar as accións de xeito coordinado entre os distintos axentes no marco de cada ruta atendendo aos seus anos por Camiño, previamente establecidos.

Deste xeito, establécese para o ano 2017 a consecución das accións necesarias para acadar o obxectivo da etapa modelo nos itinerarios dos Camiño Francés, Camiño Fisterra Muxía e do Camiño Inglés.

Este obxectivo, establece como vai ser o camiño que vai acoller ao peregrino do 2021, o estándar de como vai quedar cada un dos itinerarios sobre os que se vai actuar:

Servizos ao peregrino:

- Xestión enerxética, hídrica e de residuos eficiente



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Wifi na rede de albergues públicos
- Profesionais cualificados: idiomas
- Oferta gastronómica
- Produtos artesanais
- Oferta cultural
- Camiño limpo e en bo estado
- Xestión integral dos residuos
- Áreas de descanso cada 20 Km.
- Asistencia sanitaria
- Acceso a internet gratuito no trazado do camiño
- Conservación do Patrimonio cultural
- Plantación de especies autóctonas
- Núcleos de poboación e patrimonio etnográfico protexido e rehabilitado
- Rutas alternativas para BBT e persoas con mobilidade reducida
- Sinalización: Mouteira oficial cAda 0,5 km e cartel direccional en cada cruce ou tramo que o precise
- Fonte de auga potable cada 20 Km
- Áreas habilitadas para bebedoiros de animais
- Seguridade viaria: sen cruces perigosos, rutas peonís alternativas

Pero a realidade dista moito de cumprir este obxectivo de etapa modelo nos itinerarios indicados, pois son varias as deficiencias que se detectan nos tres itinerarios:

- Existencia de cruces moi perigosos, sen rutas alternativas.
- Deficiencia na sinalización do camiño, con falta de homologación nalgúns tramos do camiño.
- Deficiente accesibilidade para persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida, tanto no camiño como nos albergues públicos.
- Albergues sen sinalización para as persoas con diversidade funcional.
- Deficiencia na conectividade, cun 80% dos tramos galegos sen Wifi libre e aberta
- Escaseza de fontes con auga potable, así como de bebedoiros para animais.
- Animais abandonados en tramos do camiño
- Campañas de promoción non artelladas conxuntamente coas deputacións e os concellos afectados
- Escaso apoio da Consellería de cultura en determinados concellos por onde pasa o camiño

No paso do camiño de Santiago polo concello de Arzúa, as deficiencias son varias:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 13:09
Nº Rexistro: 23912
Data envío: 23/01/2018 13:09:35.046



Grupo Parlamentario

- O pavimento empedrado en Boente está en mal estado, provocando a caídas das persoas peregrinas.
- O pavimento de Ribadesiso está en mal estado, levantado nalgúns tramos, o que provoca caídas nas persoas peregrinas.
- Falla de saneamento na zona do albergue público de Ribadesiso.
- Mal estado do camiño entre A Taberna Vella e a Calzada na parroquia de Burres.
- Falla de soterramento do tendido eléctrico.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que no prazo máximo de tres meses se arranxen as deficiencias do Camiño de Santiago o seu paso polo termo municipal de Arzúa.

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2018 12:45:52

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/01/2018 12:45:59

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/01/2018 12:46:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/01/2018 12:46:41

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 20.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 24681(10/PNC-001936)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 7 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Enerxía e Turismo e a Turespaña da execución das obras de recuperación e restauración necesarias no tramo da muralla de Monforte de Lemos comprendido entre a torre da Homenaxe e a porta Nova, e da súa titularidade

Publicación da iniciativa, 255, 07.02.2018

Publicación do acordo, 272, 07.03.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 13:50
Nº Rexistro: 24681
Data envío: 31/01/2018 13:50:52.953

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos seus deputados e deputadas María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera e Moisés Blanco Paradelo ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 4ª ; Educación e Cultura.**

Exposición de Motivos:

PRIMEIRO.- A muralla de Monforte, é o conxunto fortificado, máis importante de Galicia dos séculos XIV e XV. A primeira referencia do castelo remontase a finais do século XIII, e da cerca e torres en torno a 1476; destruída na revolta irmandiña, foi reconstruída.

Estamos a falar por tanto, dun conxunto monumental, -a fortificación de Monforte-, que ten sido calificado como o mellor conxunto defensivo dos séculos XIV e XV que existen en Galicia. De feito, consérvanse as súas principais portas de acceso, moitos torreóns, ademais da torre da homenaxe do castelo, na parte alta do monte. Pódese dicir que se conserva casi intacta no seu trazado.

Por tanto, temos claro que é unha fortificación digna de ser conservada por canto constitúe un senlleiro fito identitario da cidade, un conxunto de importante valor cultural, no que se atopa a orixe do seu propio nome: Mont fortis.

Este conxunto fortificado, forma parte do casco antigo de Monforte, declarado conxunto histórico por Decreto 91/1985 e por tanto ten a consideración de BIC.

SEGUNDO.- O tramo da muralla comprendido entre a Torre da Homenaxe e a Porta Nova foi cedido ao Estado, xunto cos terreos que circundan o Mosteiro, para incorporarse ao proxecto do Parador de Turismo de Monforte.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 13:50
Nº Rexistro: 24681
Data envío: 31/01/2018 13:50:52.953

Ese tramo da muralla, titularidade de Patrimonio Nacional, e baixo a xestión de Turespaña, do Ministerio de Enerxía e Turismo, precisa dunha actuación de recuperación e conservación, que poña en valor este importante monumento, dun gran valor patrimonial.

Esta actuación, xa comprometida ao tempo de facerse a cesión, dotaría ao Parador de Monforte, dun atractivo máis, a engadir ao extraordinario conxunto monumental no que se ubica.

Cómpre trasladar ao organismo titular deste tramo da muralla, a conveniencia de proceder á súa recuperación e conservación, non só para poñelo en valor, mesmo tamén para evitar a importante degradación que está a sufrir.

Por todo o anterior, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Enerxía e Turismo, e a Turespaña, a fin de que procedan a acometer as obras de recuperación e restauración que resulten procedentes, no tramo da muralla de Monforte de Lemos, da súa titularidade, comprendido entre a Torre da Homenaxe e a Porta Nova”.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/01/2018 13:25:14

María Julia Rodríguez Barreira na data 31/01/2018 13:25:32

César Manuel Fernández Gil na data 31/01/2018 13:30:16

Carlos Gómez Salgado na data 31/01/2018 13:30:21

Carlos Enrique López Crespo na data 31/01/2018 13:30:46

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 13:50
Nº Rexistro: 24681
Data envío: 31/01/2018 13:50:52.953**

Antonio Mouriño Villar na data 31/01/2018 13:30:59

Maria Antón Vilasánchez na data 31/01/2018 13:31:12

Teresa Egerique Mosquera na data 31/01/2018 13:31:23

Moisés Blanco Paradelo na data 31/01/2018 13:31:46

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 20.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 27989(10/PNC-002187)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para excluír do "pool" de poxas diarias a produción de enerxía eólica, hidráulica e nuclear, así como parte da de carbón

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 6ª, excluír do Pool de poxas diarias a produción de enerxía eléctrica de orixe eólica, hidráulica, nuclear e parte da de carbón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Chega o mes de xaneiro, chegan os temporais, os encoros vanse recuperando, os parques eólicos producen á súa máxima potencia, pero “misteriosamente” anúncianse novas subidas do prezo da luz na contorna do 10%. As empresas eléctricas españolas queíxanse de que os seus beneficios son “insuficientes” cando dobran e, nalgúns casos, cuadriplican aos das empresas eléctricas do resto de Europa.

A cobiza dos fondos de investimento internacionais —propietarios en parte das eléctricas españolas— é infinita e moi ben engraxada polas portas xiratorias da presenza masiva de políticos do réxime nos seus consellos de administración. E todo á conta dos consumidores domésticos e industriais, as familias e as empresas, que pagan as tarifas máis caras da UE.

Esta situación, explícase polo marco legislativo ditado polo BOE, con decretos que en moitas ocasións chegan escritos ao Ministerio dende as empresas do sector, que determina un mercado e unhas poxas, extraordinariamente caras, determinados por unha falta de control e xenerosidade do regulador, que volve cargar sobre os consumidores os custos dun sistema ineficaz e ineficiente.



Enormes beneficios construídos sobre elevadas facturas que provocan unha situación de pobreza enerxética intolerable, que non corrixe un Bono Social que deixa fóra a centos de miles de familias en España e Galicia.

Facturas e beneficios privados que non asumen unha serie de externalidades negativas como as emisións de cambio climático, outras emisións contaminantes, vales asolagados, degradación da paisaxe e moitos outros impactos que afectan á cidadanía sen ningún tipo de contrapartida ou que cando as hai lexíslase para que as paguen os propios consumidores. Aquí o que contamina non paga, senón que cobra á conta dos cidadáns que sofren o seu impacto.

As subidas de prezos en períodos de temperaturas especialmente frías, orixinan unha alarma social máis que xustificada porque provocan un aumento do sufrimento de miles de persoas en Galicia e millóns no conxunto do Estado que non poden quentar os seus fogares adecuadamente: son as vítimas da pobreza enerxética.

O Ministro de Enerxía e Axenda Dixital, Sr. Nadal, sinalou que estes períodos de “volatilidade” nas tarifas van ser máis frecuentes, é dicir que son como un fenómeno da natureza do que só cabe refuxiarse e resignarse. Pero non é así. Esta “volatilidade” non é ningún fenómeno natural, ten beneficiarios e causas concretas, é o resultado da acción e da inacción do goberno, que poden e deben revertirse.

A primeira causa é o enorme poder dun grupo de tres empresas, Endesa, Iberdrola e Gas Natural Fenosa, que conforman un auténtico oligopolio enerxético en España, o que lles da poder para manipular o mercado. Segundo o informe anual das axencias de reguladores europeos ACER/CEER, as tres Comercializadoras máis grandes de España controlan o 90% do mercado doméstico, algo inusual no resto da Unión Europea.



Un oligopolio na comercialización, e tamén na produción de enerxía, porque estas tres Comercializadoras pertencen aos mesmos grupos empresariais que as tres Produtoras que controlan máis do 60% da xeración, segundo o Informe Anual de 2016 do Mercado maiorista da CNMC.

A segunda causa é o deseño do mercado maiorista de electricidade como un mercado marxinalista obrigatorio de facto, no que deben participar todos os días os Produtores e Comercializadores para vender ou adquirir respectivamente a súa enerxía.

Un deseño que permite, a un reducido número de empresas exercer o seu poder de mercado para fixar o prezo marxinal de forma que tecnoloxías con custos de produción moi inferiores ao marxinal como a nuclear, a eólica e a hidráulica obteñan beneficios inxustificables, caídos do ceo.

A participación obrigatoria dos Comercializadores no Mercado Diario para adquirir toda a enerxía para os seus clientes, converte este mercado nun mero trámite e así entre o 70% e o 80% da demanda de enerxía, é dicir o consumo base, ofértase todos os días ao prezo máximo.

O que chaman mercado e competencia na realidade non é mais que un trámite no que empresas Comercializadoras e Produtoras do mesmo grupo empresarial intercambian números nas súas follas de cálculo, co único obxectivo de maximizar o seu beneficio.

Esta falta de competencia real é a razón que explica a enorme diferenza entre España e o resto de países da UE: en Francia a porcentaxe de enerxía xestionada no Mercado Diario é o 20% e no Reino Unido só o 14%, mentres que en España o Mercado Diario xestiona máis do 80% da enerxía.



Unha característica peculiar do noso mercado, que unida ao poder de mercado que ten un reducido número de empresas orixina a volatilidade dos prezos e situacións absurdas como que a produción hidráulica marque o prezo marxinal.

Unha volatilidade que en calquera caso pagan os consumidores no prezo do recibo da luz.

A terceira causa é, o efecto conxunto do axuste, en 2014, do mercado Ibérico co resto de Europa, en cumprimento de diversos Regulamentos da Unión Europea, e a duplicación en 2015 da capacidade da interconexión con Francia.

O resultado son maiores intercambios de enerxía co resto da UE e menor control sobre o fluxo de enerxía con Francia e, polo tanto, co resto da UE. Un fluxo que agora, dentro das limitacións físicas da interconexión, depende exclusivamente da diferenza de prezo entre o mercado francés e o mercado Ibérico.

As interconexións supoñen vantaxes para o sistema eléctrico español, como a posibilidade de importar enerxía máis barata ou exportar o exceso de produción eléctrica de orixe renovable. Pero tamén riscos, cando se expón, a través da interconexión, mais do 80% do mercado español, o que se poxa diariamente, á volatilidade puntual de prezos dos mercados europeos interconectados.

En Francia puntualmente o prezo marxinal pode subir a prezos moi altos, pero só afecta a unha parte moi pequena da enerxía vendida, a que se poxa diariamente. Por contra cando o prezo marxinal español se ve afectado por esta subida, en Francia e no resto de Europa, afecta á maioría da enerxía poxada diariamente, o 80%, o que fai que a factura para os consumidores se dispare.

Os beneficiarios desta situación son todos os produtores pero, de forma especial, os tres grandes grupos empresariais que conforman o oligopolio eléctrico español, Endesa, Iberdrola e Gas Natural Fenosa titulares de centrais nucleares,



hidráulicas, eólicas e de carbón: beneficios para elas a costa da sociedade, porque dunha ou outra maneira, todos os consumidores españois saen prexudicados .

Os Regulamentos da Unión Europea regulan o Mercado Diario e a xestión das interconexións, pero non canta enerxía se debe de xestionar nese Mercado. Cada país pode e debe adoptar a estrutura de mercado que mellor lle conveña para gozar das vantaxes das interconexións protexendo aos seus consumidores da volatilidade dos mercados. En España faise todo o contrario.

Un desmesurado e obrigatorio Mercado Diario e un axuste maior e máis estreito co resto da UE é unha combinación que provoca volatilidade dos prezos, e grandes beneficios para os Produtores de electricidade en España.

As grandes eléctricas españolas duplican, e as veces cuadriplican, os beneficios das europeas entre 2013 e 2016: os beneficios das empresas españolas son os máis elevados de Europa, en resultados respecto de facturación. Os resultados das grandes compañías eléctricas españolas foron, de media, do 8% sobre a facturación, cando en Francia foi do 4%, en Gran Bretaña do 1% e en Alemaña do -4%.

Nun mercado de concorrencia competitiva os beneficios empresariais dependen do acerto nos investimentos realizados, da optimización dos seus procesos de produción, distribución e comercialización e, no caso das empresas eléctricas, dos prezos das materias primas, carbón, gas...que é o mesmo para todas as compañías europeas. Pero, no caso español teñen unha dopaxe excepcional que se chama BOE e todas as decisións políticas plasmadas no mesmo –que son as que condicionan o mercado eléctrico– sendo un dos sectores máis dependentes destas decisións. Decisións do Goberno do PP sempre favorables ás compañías do oligopolio e tremendamente prexudiciais para o peto dos cidadáns e para a competitividade das empresas.



No caso de España os beneficios non se deben só aos beneficios típicos do mercado eléctrico a nivel internacional, senón a unha serie de decisións políticas totalmente inxustificadas, verdadeiros agasallos multimillonarios ao oligopolio. Por exemplo, os ingresos polos teóricos custos de transición á competencia, as axudas ao gas, os beneficios caídos do ceo por permitir que a produción nuclear, hidráulica e eólica entre nas poxas diarias onde é vendida a uns prezos desorbitados ou o financiamento do déficit de tarifa dificilmente xustificable. En definitiva unha gran parte dos beneficios destas empresas pagámolos todos os cidadáns e empresas sen ningunha xustificación de custos nin de mercado.

Entre 2005 e 2016 o prezo da electricidade para o consumidor doméstico en España incrementouse nun 100% cando na maioría de países da nosa contorna oscila o incremento entre o 25% e o 60%.

Un caso moi reseñable é o de Holanda onde o prezo entre 2005 e 2016 se reduciu nun 17,07%. Habería que analizar a fondo que incidencia tivo neste feito excepcional a decisión do Goberno holandés de asumir a xestión pública da rede de distribución favorecendo con iso a autoprodución, o autoconsumo e o control dos custos reais do servizo de distribución.

Custos de distribución que en España terían que ser auditados, da mesma maneira que os de produción, xa que existen diferentes estudos que estiman que están inflados polo menos un 40%, unha cifra equivalente en valores absolutos a 5.000 M€ ao ano que pagamos de máis ás eléctricas por este servizo de distribución.

Toda esta argumentación está avalada por informes da UE, que certifican que o custo de distribución en España é o máis caro de Europa, nalgúns casos con diferencias escandalosas. Por suposto os informes das eléctricas españolas, a partir dos que o Estado lles recoñece a retribución sen auditoría nin control



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27989
Data envío: 15/03/2018 16:14:49.763



rigoroso algún, son moi diferentes. Os seus desproporcionados beneficios levan a pensar que o informe correcto é o da UE.

Ante todo o exposto e considerando que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Instar ao Goberno de España a modificar a Lei 24/2013 e toda a normativa desenvolta a partir da mencionada Lei para excluír do Pool de poxas diarias a produción eólica, hidráulica, nuclear e parte da de carbón. Estas enerxías serían ofertadas ao mercado por contratos anuais ou plurianuais con prezos estables, o que tería dúas consecuencias moi relevantes e positivas: unha rebaixa do prezo moi considerable e a redución significativa da volatilidade dos prezos por razóns conxunturais, como sucede na maioría de países europeos.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 15/03/2018 14:18:43

Luis Villares Naveira na data 15/03/2018 14:18:52

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 20.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 30322(10/PNC-002439)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia dun fondo específico de apoio á compra de bens de equipo dirixido a pequenas e medianas empresas, de acordo coa metodoloxía que utiliza a Unión Europea, co fin de mellorar a súa competitividade

Publicación da iniciativa, 301, 08.05.2018



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A recuperación industrial, despois da grave crise dos derradeiros anos, está a ser moi desigual en diversos ámbitos. Aínda non se recuperou nin de lonxe o nivel de ocupación previo a crise a pesares do crecemento do sector. Este crecemento tense baseado sobre todo no estancamento dos custos laborais, e no aproveitamento e a optimización do capital xa instalado.

É polo tanto imprescindible de cara a mellora das condicións de produción e salariais da industria galega promover a modernización dos seus equipamentos produtivos. A Xunta de Galicia debería cooperar co sector industrial neste proceso de renovación, que sen dúbida terá ademais moitos efectos multiplicadores na actividade industrial da propia comunidade. Estamos falando dun impulso engadido ao subsector de bens de equipo, que é un pilar importante da industria galega, e que ademais ten un dos maiores “efecto tractor”, polo que o seu crecemento podería arrastrar a outras áreas da economía.

Esta batería de medidas sitúase nas recomendacións que recentemente ten feito o Consello Económico e Social sobre a necesidade dunha política industrial en Galicia, e a necesidade dun Pacto autonómico pola industria.

As melloras teñen que achegarse a diversos ámbitos, e necesitan sen dúbida un apoio explícito e un liderazgo por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en diversos ámbitos, como o tecnolóxico, a seguridade laboral, o medio ambiente e a eficiencia enerxética.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

É necesario ter en conta que a utilización da capacidade produtiva da industria galega tense disparado nestes últimos tres anos, de 2015 a 2017, igual que no resto de España, despois dos máximos de 2008 e a posterior caída, cunha década con unhas inversións moi escasas, o que significa que unha parte importante das instalacións quedaran xa anticuadas, polo que era cada vez máis difícil que as empresas galegas estiveran en condicións de competir coas estranxeiras, especialmente as Pemes, que teñen mais dificultades que as grandes empresas para acceder o crédito.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolva un *Fondo Específico de Apoio a Compra de Bens de Equipo*, dirixido a pequenas e medianas empresas de acordo coa metodoloxía que utiliza a Unión Europea, para que financien a compra dos mesmos, tanto con axudas directas, como con préstamos, que lles permitan mellorar a súa competitividade.
2. Estas axudas irán dirixidas as pequenas e medianas empresas industriais que adquiran e instalen nas súas liñas produtivas novos bens de equipo que dean lugar a unha mellora tecnolóxica e na competitividade dos seus procesos produtivos.
3. Este programa deberá verse complementado con axudas específicas para a formación, actualización e mantemento dos empregos para os traballadores afectados polos novos investimentos.

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 16:36
Nº Rexistro: 30322
Data envío: 02/05/2018 16:36:44.502



Grupo Parlamentario
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/05/2018 16:35:03

Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/05/2018 16:35:09

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/05/2018 16:35:16

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 20.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 31306(10/PNC-002527)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto na industria electrointensiva galega da aplicación da Orde ETU/362/2018, do 6 de abril, pola que se modifica o sistema de poxa do servizo de interrompibilidade da subministración eléctrica

Publicación da iniciativa, 312, 30.05.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 11:03
Nº Rexistro: 31306
Data envío: 24/05/2018 11:03:47.926

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema de interrompibilidade vén sufrindo nos dous últimos anos diferentes modificacións do seu desenvolvemento de cara a adaptarse ás esixencias do marco europeo. As modificacións da anterior regulación do mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade ten espertado as alertas na industria electrointensiva e abre diferentes dúbidas sobre como poderá afectar á industria situada no noso país, xa que muda de forma importante o mecanismo de capacidade.

O sábado 7 de abril de 2018 publicábase no Boletín Oficial do Estado publicaba a Orde ETU/362/2018, do 6 de abril, pola que se modifica a Orde IET/2013/2013, do 31 de outubro, pola que se regula o mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade. Esta Orde, entre outras cuestións, dispón un novo período de entrega comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de decembro de 2018.

Neste sentido, a subasta de interrompibilidade para os últimos sete meses do ano comezou a finais de maio. A convocatoria de dita poxa, xestionada polo operador do sistema eléctrico, Red Eléctrica de España (REE), baixo fiscalización da Comisión



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 11:03
Nº Rexistro: 31306
Data envío: 24/05/2018 11:03:47.926

Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC), estaba prevista para se desenvolver entre o 21 e o 25 de maio, prevendo a posibilidade do seu remate antes dese mesmo día.

Para esta poxa prevíase, segundo información do propio operador do sistema, a competición de arredor de 130 empresas da grande industria. Os resultado da mesma serán coñecidos unha vez validados pola CNMC.

Debido ás consecuencias que estes cambios poden ter na industria galega, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a desenvolver, a través dos seus instrumentos, un informe de avaliación dos resultados para a industria electrointensiva galega da aplicación da nova Orde ETU/362/2018, do 6 de abril, pola que se modifica a Orde IET/2013/2013, do 31 de outubro, pola que se regula o mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade e avaliar co sector a necesidade, se a houber, de remitir propostas ao respecto para o goberno central de cara a futuras mudanzas.”

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 11:03
Nº Rexistro: 31306

Data envío: 24/05/2018 11:03:47.926

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/05/2018 11:02:10

María Montserrat Prado Cores na data 24/05/2018 11:02:15

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2018 11:02:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/05/2018 11:02:18

Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2018 11:02:19

Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2018 11:02:21

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 20.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 34228(10/PNC-002785)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as modificacións lexislativas e normativas necesarias para que, no procedemento de avaliación para a implantación de todas as instalacións de tratamento de residuos industriais, sexa obrigatorio o trámite de avaliación ambiental integrada ordinaria

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

Nos últimos tempos sucedéronse conflitos sociais polos proxectos de instalacións de valorización ou vertedoiros de residuos industriais en varios lugares de Galiza como en Santa Icía, Arteixo, Lousame, Teo ou Coristanco, e pola xestión de vertedoiros existentes pola súa afección medioambiental e social.

No Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galiza indícase unha serie de criterios de selección de emprazamentos que se deben de cumprir, pero que non se están a cumprir, nomeadamente os criterios para a ubicación das instalacións.

Entre os criterios sinalados están a calidade das vías de comunicación, os accesos, e o feito de que “prioritariamente” as instalacións de valorización de residuos se situaran preferentemente en solo industrial.

Só de non ser posible a implantación nun solo industrial próximo aos centros produtores serán autorizables noutras categorías de solo.

A realidade é que as empresas están a buscar prioritariamente emprazamentos en terreos clasificados como solo rústico na maioría dos casos, polas vantaxes económicas que iso supón, deixando de lado os criterios ambientais e de afección á vida das persoas.



O primeiro principio reitor que se sinala no PRIG é a protección da saúde humana e o medio, principio fundamental, que pretende garantir a non xeración de riscos para auga, o aire, ou o solo, nin para a fauna e a flora, non se causarán incomodidades por ruído ou olores e tampouco se atentará contra paisaxes nin lugares de interese legalmente protexidos.

Na diagnose da situación actual do plan xa se sinalaba que en Galiza hai suficiente capacidade de tratamento para a actual produción de residuos, que xunto co obxectivo de reducir a súa produción no futuro debe de facernos chegar á conclusión de que a política a desenvolver debe de ser moi restritiva na selección da ubicación das instalacións de valorización ou eliminación de residuos industriais.

Nunca debe de primar o interese económico da empresa diante da necesidade de conservación dos valores ambientais ou da saúde das persoas.

Por todo isto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Promover as modificacións legislativas e normativas necesarias para que no procedemento de avaliación para a implantación de todas as instalacións de tratamento de residuos industriais sexa obrigatorio o trámite de avaliación ambiental integrada ordinaria.
- 2) Modificar a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia para garantir que só excepcional e motivadamente se poidan implantar este tipo de instalacións en solo rústico de protección ordinaria, fixando a prohibición no solo rústico de especial protección.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2018 10:32
Nº Rexistro: 34228
Data envío: 02/08/2018 10:32:53.751



3) Revisar os Plans de Xestión de Residuos de Galicia incluíndo unha serie de medidas vinculantes para determinar a idoneidade das ubicacións das plantas de tratamento de residuos industriais incluíndo, cando menos, para a ubicación en solo rústico de protección ordinaria a xustificación sobre a insuficiencia de capacidade de tratamento na zona, a inexistencia de solo industrial.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2018.

Asdo.: Antón Sanchez García

Marcos Cal Ogando

Voceiro s. e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 02/08/2018 10:24:49

Marcos Cal Ogando na data 02/08/2018 10:24:56